

COPA FEDERACION DE TECNICA

COPA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

COPA XUNTA DE GALICIA DE TÉCNICA

1. NORMATIVA DE ORGANIZACIÓN

- a. O torneo dividirase en dúas fases:
 - i. Copa Deputación Provincial (de ámbito provincial)
 - ii. Copa Xunta de Galicia de Técnica (de ámbito autonómico. Accederan a ela os tres primeiros clasificados en cada categoría da Copa Deputación de cada provincia)

A organización da Copa Deputación correrá a cargo dos clubs de cada provincia organizados en Comisión Provincial de Organización se así o estiman oportuno, por delegación da FGT. A organización deberá de comunicar á FGT a data, horario e lugar de celebración do evento así como enviar nos tres días seguintes á celebración un dossier no que consten os resultados de cada categoría, as inscricións recibidas e cartelería no caso de habela. A FGT proporcionará ós organizadores os obsequios promocionais destinados ós participantes e árbitros.

- b. A FGT poderá, se o estima conveniente para colaborar coa organización, enviar un delegado.
- c. A FGT proveerá de medallas ós tres primeiros clasificados da Copa Xunta de Galicia de Técnica e diplomas para o resto dos participantes da fase autonómica.

2. NORMATIVA DE PARTICIPACIÓN

- a. A participación será individual
- b. A indumentaria dos participantes será exclusivamente Dobok e Ti
- c. Poderán participar tódolos deportistas de categoría infantil (ata 14 anos cumpridos no ano en curso) con licenzia federativa en vigor e que pertencen a un clube federado. Na categoría de adultos poderán participar tódolos deportistas federados que teñan 14 ou máis anos cumpridos no ano en curso. Os deportistas que participen en categoría infantil non poderán participar na categoría de adultos.
- d. O número de participantes será ilimitado na Copa Deputación Provincial. Na fase autonómica limitarase ós tres primeiros clasificados de cada fase provincial por categoría.
- e. As categorías A, B e C infantil serán mixtas.
- f. As categorías D e E dividiranse en Feminina e Masculina cada unha delas.

3. CATEGORIAS INFANTIS

- a. Dividiranse en cinco grupos de idade que se computarán por ano natural.
 - i. Categoría A: ata 6 anos cumpridos no ano en curso
 - ii. Categoría B: de 7 a 8 anos cumpridos no ano en curso
 - iii. Categoría C: de 9 a 10 anos cumpridos no ano en curso
 - iv. Categoría D: de 11 a 12 anos cumpridos no ano en curso
 - v. Categoría E: de 13 a 14 anos cumpridos no ano en curso

- b. Cada categoría subdividirase segundo os graos nas seguintes subcategorías:
 - i. Categoría A
 - 1. A1: branco e branco-marelo
 - 2. A2: marelo e marelo-laranxa
 - 3. A3: laranxa e laranxa-verde
 - 4. A4: Medallistas Cto Galego anterior
 - ii. Categoría B
 - 1. B1: branco, branco-marelo e marelo
 - 2. B2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde
 - 3. B3: verde e verde-azul
 - 4. B4: Medallistas Cto Galego Anterior
 - iii. Categoría C
 - 1. C1: branco, branco-marelo e marelo
 - 2. C2: marelo-laranxa e laranxa
 - 3. C3: laranxa-verde e verde
 - 4. C4: verde-azul e azul
 - 5. C5: azul-marrón e marrón
 - 6. C6: Medallistas Cto Galego anterior
 - iv. Categoría D (Subcategorías Feminina e Masculina)
 - 1. D1: branco, branco-marelo e marelo
 - 2. D2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde
 - 3. D3: verde e verde-azul
 - 4. D4: azul, azul-marrón e marrón
 - 5. D5: 1º Pum
 - 6. D6: Medallistas Cto Galego anterior
 - v. Categoría E (Subcategorías Feminina e Masculina)
 - 1. E1: branco, branco-marelo e marelo
 - 2. E2: marelo-laranxa, laranxa e laranxa-verde
 - 3. E3: verde e verde-azul
 - 4. E4: azul, azul-marron e marrón
 - 5. E5: 1º e 2º Pum
 - 6. E6: Medallistas Cto Galego anterior

Os deportistas que accedan á fase autonómica terán que facelo na mesma categoría na que participaron na Copa Deputación da súa provincia.

4. CATEGORÍAS DE ADULTOS

- a. Dividiranse en catro grupos de idade que se computarán por ano natural. Diferenciaranse as subcategorías Feminina e Masculina.
 - i. Categoría A: de 14 a 17 anos cumpridos no ano en curso
 - ii. Categoría B: de 18 a 30 anos cumpridos no ano en curso
 - iii. Categoría C: de 31 a 40 anos cumpridos no ano en curso
 - iv. Categoría D: 41 anos ou máis cumpridos no ano en curso

- b. Cada categoría subdividirase segundo os graos nas seguintes subcategorías:
 - i. Categoría A
 - 1. A1: branco e marelo
 - 2. A2: laranxa e verde
 - 3. A3: azul e marrón
 - 4. A4: 1º, 2º e 3º Pum
 - 5. A5: 1º e 2º Dan
 - 6. A6: Medallistas Cto Galego Anterior
 - ii. Categoría B
 - 1. B1: branco e marelo
 - 2. B2: laranxa e verde
 - 3. B3: azul e ,marrón
 - 4. B4: 1º e 2º Dan
 - 5. B5: 3º Dan e superiores
 - 6. B6: Medallistas Cto Galego Anterior
 - iii. Categorias C e D: subdividiranse de xeito igual á categoría B

Os deportistas que accedan á fase autonómica terán que facelo na mesma categoría na que participaron na Copa Deputación da súa provincia.

5. AREA DE COMPETICIÓN

- a. A área de competición adaptarase ás necesidades do evento. En todo caso será chan liso de madeira ou similar ou tapiz de competición ou similar.
- b. O número de áreas de competición será establecido polos organizadores en funcións do número de participantes e xuíces dispoñibles.

6. SISTEMA DE COMPETICIÓN

- a. A orde de participación decidirase por sorteo.
- b. Os deportistas realizarán dúas rondas sen que a primeira sexa eliminatoria.
- c. Os nenos e nenas da categoría A poderán realizar na primeira ronda un Kibón (kicho) en caso de que non coñezan dous pumse.
- d. Para o resto das categorías realizarase obrigatoriamente un pumse diferente en cada ronda.

7. GRADUACION

- a. Será a establecida para cada categoría segundo os puntos 3 e 4.
- b. A realización dos pumse terá en conta os límites establecidos polo seguinte baremo:

i. Categorías Infantis

1. Branco	Taeguk I Chang
2. Marelo	Taeguk Sam Chang
3. Laranxa	Taeguk Sa Chang
4. Verde	Taeguk Yuk Chang
5. Azul	Taeguk Chil Chang
6. Marrón	Taeguk Pal Chang
7. 1º, 2º Pum	Koryo

Os graos intermedios tomarán como referencia o pumse establecido para o grao inmediatamente inferior.

ii. Categoría de Adultos

1. Branco e Marelo	Taeguk Sam Chang
2. Laranxa e Verde	Taeguk Yuk Chang
3. Azul e Marrón	Taeguk Pal Chang
4. 1º, 2º e 3º Pum	Kumgang
5. 1º e 2º Dan	Taebek
6. 3º Dan e sup.	Ilyo

8. SISTEMA DE ARBITRAXE

- O xurado estará composto por cinco xuíces de cadeira (puidendose modifica-lo número de xuíces nas fases provinciais polas necesidades de organización). O xuíces será inscitos polos clubs participantes (2 por clube para non desvirtua-lo resultado da competición) nas fases provinciais e serán nominados pola FGT na fase autonómica.
- O uniforme será o establecido para as competicións de técnica: camnisa branca, pantalón gris, americana azul mariño, corbata azul ou vermella e calzado deportivo branco.
- Os xuíces puntuadores serán nominados, preferentemente, entre os titulados e colexiados.
- Unha mesma categoría será valorada polo mesmo equipo de xuíces ata finalizar.

9. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

- A puntuación será sobre un máximo de 10 tendo en conta que cada número enteiro se pode dividir en décimas.
- A puntuación será amosada ó xuíz anotador inmediatamente despois de finaliza-la súa actuación cada deportista e amosada ó público xirando a carpeta de puntuación ó sinal sonoro do xuíz anotador.
- Terase en conta o grao de dificultade do pumse executado en función do grao do deportista.
- Eliminaranse a puntuación máis alta e máis baixa das 5 para suma-los totais das outras 3 puntuación e obte-la nota final.

- e. No caso de que haxa menos de 5 xuíces non se eliminará ningunha puntuación.
- f. En caso de empate valoraranse as puntuacións eliminadas (a máis alta e a mais baixa). Se continua o empate resolverase a favor do deportista con menor graduación. No caso de persisti-lo empate resolverase a favor do deportista máis novo na categoría infantil e do de maior idade na categoría de adultos, salvo na categoría A, que será tamén o menor.
- g. O baremo para aplica-la puntuación será fixado polo Comité Organizador e será o mesmo para toda a competición.

10. PROCEDEMENTO DE PROTESTA

- a. As protestas presentarase por escrito, previo pago de trinta (30) €uros e soamente se aceptarán as relativas a erros na suma das puntuacións.
- b. Nos casos non relacionados no presente regulamento tomarase como subsidiario o Regulamento Disciplinario da FGT.

Aprobado en reunión de Comisión Delegada da Federación Galega de Taekwondo (2004)